

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL ROSALÍA DE CASTRO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará co Parlamento de Galicia e coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional enriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027. Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, o Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para dinamizar o proceso normalizador, levando a cabo unha serie de actividades de fomento da lingua e da cultura galegas, en concreto, para a difusión dos valores asociados coa obra e a figura da escritora.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o



uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia e na investigación como no que se refire ás relacións extraacadémicas.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua (en diante, SXL), pretende colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas co Parlamento de Galicia e coa USC para prestixiar e promover no eido universitario a estima do galego e o estudo académico e crítico da obra e da figura da escritora Rosalía de Castro, mediante o desenvolvemento da Cátedra Institucional Rosalía de Castro da USC, concibida para reforzar a proxección e o coñecemento desta escritora tanto no ámbito galego como en España e a nivel internacional. Esta Cátedra terá carácter investigador e divulgativo e incardinarase dentro da estrutura académica da USC.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino electronicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

